

FEIRA #ESDOMAR 2025

Presentacións / Obradoiros / Exposicións
Postos / Música / Gastronomía

4 de outubro
12:00-20:00 h

Lonxa de Canido



Espazo de encontro da economía social para o emprendemento, a inclusión e a promoción da economía circular e os produtos locais da pesca artesanal.

Espazo de encontro e intercambio da Economía Social para tecer rede entre entidades e cidadanía, co obxectivo de fortalecer o ecosistema da Economía Social e o Mar en Galicia

Cun programa que inclúe:

- Presentacións
- Obradoiros e actividades
- Exposicións
- Espazo de difusión e encontro
- Música
- Gastronomía

VÉN GOZAR CONNOSCO!
NON O PERDAS!



+ INFO:

fundamar@fundamar.org / Tel: +34 986 433 844 (ext. 8)
www.fundamar.org

FEIRA

#ESDOMAR

2025

4 de outubro
12:00-20:00 h

PROGRAMA

Lonxa de Canido

HORARIO

ACTIVIDADES

12:00-12:15 h	● Benvida
12:15 h	● Presentación do proxecto A mar de rico
12:30 h	● Ano Internacional das Cooperativas con UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP
12:15-13:30 h	● ● Al(gu)imento con FUNDAMAR
12:15-13:30 h	● ● O valor do noso entorno con 13 GRADOS
12:30-13:45 h	● ● Artes tradicionais para unha pesca sostible: descubrimos os tesouros da ría cos máis pequenos e pequenas. Coa CONFRARÍA DE PESCADORES DE VIGO
13:30-14:30 h	● Sesión vermú con música de TANXEDORAS
15:30-16:00 h	● Micro aberto: participación das entidades expositoras
16:00-17:00 h	● Presentación de proxectos: • ACD_MAR Laboratorio inclusivo do patrimonio cultural marítimo pesqueiro. • DIADSEA.
16:30-17:00 h	● As embarcacións tradicionais con CABO DO MAR
16:30-17:45 h	● O valor do noso entorno con 13 GRADOS
17:00-18:30 h	● Artes tradicionais para unha pesca sostible: uso actual do saber tradicional e pesca selectiva das especies locais. Coa CONFRARÍA DE PESCADORES DE VIGO
17:00-18:15 h	● ● Al(gu)imento con FUNDAMAR
17:30-18:30 h	● ● O cooperativismo no mar con UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP. Coa participación de: • Ría de Arosa S. Coop. Galega • Amegrove S. Coop. Galega • Ardora Formación e Servizos, S. Coop. Galega • Cuarzo Verde S. Coop. Galega
19:00-20:00 h	● Peche con música de LENI PÉREZ & ROBERTO COMESAÑA

- Actividades con inscrición previa
- Todos os públicos
- Público infantil

Punto de encontro para as actividades no posto de rexistro de participantes.

+ INFO:

fundamar@fundamar.org / Tel: +34 986 433 844 (ext. 8)
www.fundamar.org

FEIRA #ESDOMAR 2025

Co obxectivo de promocionar os principios e valores da economía social entre a cidadanía, nesta ocasión con especial atención á figura do cooperativismo posto que é o **ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS**, celébrase esta feira como

ESPAZO DE DIFUSIÓN E ENCONTRO

que ofrecerá un lugar onde coñecer e interactuar coas entidades de economía social da nosa contorna.

EXPOSICIÓNS

NO CENTRO DO MAR

Singradura fotográfica de Eduardo Rivo polas embarcacións tradicionais de Galicia.

**"Galicia non é un final da terra,
é o centro do mar."** Staffan Mörling.

Exposición comisariada por **CULTURMAR**.

RETRATOS EN ACUARELA

Luz, textura e cores potentes coas que dar vida a ilustracións de animais mariños.

Exposición de:
13 GRADOS S. Coop. Galega



+ INFO:

fundamar@fundamar.org / Tel: +34 986 433 844 (ext. 8)
www.fundamar.org

FEIRA #ESDOMAR 2025

ENTIDADES PARTICIPANTES

13 GRADOS

Cooperativa de divulgación e conservación do medio mariño.

AMICOS

Asociación de familias de persoas con discapacidade intelectual sen ánimo de lucro, dedicada a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise, dano cerebral e ás súas familias.

AMEGROVE S. COOP. GALEGA

Especializada no cultivo, procesamento e comercialización, nacional e internacional, do mexillón agrupa a 176 cooperativistas, 360 bateas e 65 embarcacións, cunha capacidade produtiva de ata 22 toneladas de mexillón ao ano, das que se xestionan todas as fases da cadea produtiva.

ARNELA EDUCACIÓN S. COOP. GALEGA

Ten a misión de proporcionar apoio educativo e emocional a familias, infancia, adolescencia e persoas adultas mediante o desenvolvemento de programas concretos e o acompañamento para favorecer o benestar individual e comunitario.

BICOS DE PAPEL

É unha asociación sen ánimo de lucro que nace co desexo de dar cobertura as necesidades específicas das e dos menores con diagnóstico de cancro e as súas familias. Presta axuda integral, dende acompañamento, tratamentos de recuperación, aloxamento a axudas económicas.

BUSCALUME S. COOP. GALEGA

Cooperativa adicada a edición de xogos de mesa modernos con proxección a nivel internacional. Funciona como unha editorial de libros pero publica xogos de mesa co lema: facer xogos de mesa bos, bonitos, baratos... e para todos os públicos.

CABO DO MAR

Asociación dedicada á cultura marítima, en especial á salvagarda e promoción das embarcacións tradicionais.

CAORDIC S. COOP. GALEGA

Consultoría especializada no acompañamento para unha organización e xestión con enfoque sostible. Traballa coa súa metodoloxía propia caórdica (entre o caos e a orde), para xerar espazos de aprendizaxe con impacto económico, social e medioambiental.

CUARZO VERDE S. COOP. GALEGA

Traballa no eido da educación ambiental para alcanzar unha vida sostible a través de obradoiros, roteiros e formación baseados no lecer consciente, o coidado da contorna, o apoio comunitario, o apoderamento individual e o consumo responsable.

FENDA STUDIO CREATIVO S. COOP. GALEGA XUVENIL

Estudo creativo formado por tres socias: unha deseñadora gráfica, unha fotógrafa e unha xestora de eventos e publicista. Xuntas fusionan arte e estratexia para acompañar a outros proxectos, axudándolles a tomar forma e gañar visibilidade.

LIVEGENS

É unha marca galega zero waste que ten a finalidade de integrar o emprendemento, a moda sostible e o coidado do medioambiente. Un proxecto verde e social por un mundo mellor, libre de plásticos, con complementos trendy de deseño, alma viaxeira e moito corazón.

MIUDIÑO S. COOP. GALEGA

É un proxecto que nace da ilusión e dos sonhos, inspirado pola infancia, a natureza e o patrimonio cultural. Crea mobiliario e ambientes, ofrece obradoiros, formacións e programas de educación ambiental e impulsa espazos de xogo para tecer comunidade e transmitir valores.

MOIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL

Cooperativa de márketing dixital consciente especializada en dar visibilidade a marcas sostibles e proxectos do rural, transformando ideas en experiencias tanxibles e conectando a persoas e empresas co seu público, humanizando marcas e xerando impacto positivo.

REDEIRAS ATALAIA

Asociación que busca mellorar as condicións laborais deste colectivo e visibilizar a profesión, mediante visitas e talleres, para facilitar o relevo xeracional e promover a cultura mariñeira. Ademais fabrica artesanía a partir de materiais reciclados da pesca participando da economía azul.

USC - PROXECTO DIADSEA

É unha "cooperación transnacional para mellorar a xestión e a conservación dos peixes diádromos no mar", dun proxecto INTERREG Atlantic Area financiado pola UE, na que participan catro países e que se centra nos peixes que migran entre os ríos e o mar.

VIGO PESQUEIRO

Visitas guiadas á Industria Pesqueira.

WIKIESFERA

Espazo de autoaprendizaxe e desenvolvemento de dinámicas inclusivas en torno á edición en Wikipedia para rachar coa fenda de xénero.

+ INFO:

fundamar@fundamar.org / Tel: +34 986 433 844 (ext. 8)

www.fundamar.org


FEIRA #ESDOMAR 2025

ESPAZO
DE DIFUSIÓN
E ENCONTRO

4 de outubro
12:00-20:00 h

Lonxa de Canido

ENTIDADES
PARTICIPANTES



"Esta actividade enmárcase no programa de actuación da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social".



+ INFO:

fundamar@fundamar.org / Tel: +34 986 433 844 (ext. 8)
www.fundamar.org